

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA UNIVERSIDADE SÉNIOR NO EXERCICIO 2023.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Don Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con NIF Q6550005J, en nome e representación dela, e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica de Universidades 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario e no artigo 36.1.f) dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con



discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Terceiro.- A Universidade da Coruña é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o Sistema universitario de Galicia. Está estruturada nos campus da Coruña e de Ferrol.

No ámbito das súas competencias correspóndelle o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden cos programa que conforman a Universidade Sénior que forman parte do seu plano de estudos dende o curso académico 2001-2002.

Cuarto.- O obxectivo da creación da Universidade Sénior no curso académico 2001-2002 dentro da Universidade da Coruña foi atender á demanda educativa das persoas maiores de 55 anos, ás que se admitía na vida universitaria sen máis requisito que, non atopándose en situación laboral activa, cumprisen a mencionada idade e manifestasen o seu desexo de acceder a un novo tipo de formación actualizada e adecuada aos seus intereses culturais e inquietudes formativas. Posteriormente, a tendencia á xubilación anticipada en idades cada vez máis temperás fixo diminuír a idade de admisión ata situarse nos 50 anos. Pola súa banda, o plano de estudos da Universidade Senior dentro da Universidade da Coruña foi incrementando a oferta formativa ata chegar á situación actual nos seus campus da Coruña e Ferrol.

A Universidade Sénior conta cunha programación con catro cursos, completados por obradoiros optativos. O alumnado que complete os catro cursos poderá conseguir o título de graduado Sénior pola Universidade da Coruña. En cada curso os estudantes realizan un total de nove créditos, con sesións expositivas e interactivas.

Ademais, dende o curso 2019-2020 dentro dos Programas de Posgrao da Universidade Senior púxose en marcha unha iniciativa innovadora concebida para os estudantes graduados, que pretendeu dar resposta á incesante demanda deste colectivo que quere seguir vinculado á Universidade Sénior e reclamaba unha vía máis estruturada de ensino que permitise dar continuidade na satisfacción das súas inquietudes formativas. Trátase dunha programación



dentro dos Programas de Posgrao de formación específica en “Novos retos en sustentabilidade”, dun ano de duración e 9 créditos. Este programa ponse novamente en marcha no curso 2022-2023 no Campus de Ferrol, dando comezo o 29 de setembro de 2022 e rematará en xuño de 2023.

Quinto.- A Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade da Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, e grazas ao amparo do exercicio da postestade de fomento, a sinatura deste instrumento de concesión de axudas para o ano 2023, conséguese á difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo da vida. Mediante a realización destes programas que forman parte da Universidade Senior nos cursos 2022-2023 e 2023-2024 dentro dos planos de estudo, contribúese a conseguir unha sociedade máis inclusiva, culta, crítica, activa e participativa.

Sexto.- Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que expidan títulos universitarios e que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto Decreto 124/2022, do 23 de xuño, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade da Coruña recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade da Coruña para el año 2023, a través da contribución no financiamento a través da concesión directa dunha subvención por parte da Consellería de Política Social e Xuventude, para facilitar a consolidación da Universidade Sénior, mediante a que se cumpren as súas funcións ao servizo da sociedade.

Esta oferta de estudos da Universidade Senior dispónse para aquel sector da sociedade nunha situación laboral non activa e que demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais e que comprende o desenvolvemento das actuacións que se recollen na cláusula segunda.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables.

As actuacións subvencionables durante o período de vixencia do convenio recolle as actividades formativas a desenvolver en 2023 comprendidas nos curso académicos 2022-2023 e 2023-2024, correspondentes coa oferta formativa integrada polos seguintes programas:

a) Programa Universitario de Grao, constituído polos catro cursos académicos que conforman un grao universitario, con materias obrigatorias e optativas.

O plano de estudos do Programa Universitario de Grao da Universidade Sénior é elaborado arredor de tres grandes áreas temáticas:

1ª. Humanidades e Ciencias Sociais.

2ª. Ciencia e Tecnoloxía.

3ª. Ciencias da Saúde.

En cada curso do Programa Universitario de Grao os alumnos e alumnas teñen que realizar dúas materias obrigatorias e unha optativa por curso a escoller entre unha lista de propostas para cada campus.

O número de prazas ofertadas no curso académico 2022/2023, para o alumnado de novo ingreso, foi de 120 para o Campus da Coruña e 70 para o Campus de Ferrol, e o número total de alumnado matriculado foi de 829.



b) Programas de Posgraduados da Universidade Sénior que comprenden os que a continuación se relacionan:

1º. Curso de formación específica para graduados "Novos Retos en Sustentabilidade".

Trátase dun curso de formación específica en "Novos retos en sustentabilidade", dun ano de duración, ao remate do cal se obteñen 9 créditos, que constitúe unha formación de posgraduado para o colectivo de graduados sénior.

Este curso formativo divídese en tres módulos relacionados coa sustentabilidade económica, a social e a ambiental.

Cada módulo consta de 3 créditos que se corresponden con 30 horas de clase, de 3 materias obrigatorias con 10 sesións teóricas dunha hora de duración, impartidas en dous días á semana.

2º. Curso de formación específica para graduados "O Camiño de Santiago".

Este curso formativo divídese en tres módulos onde se trata de propiciar un achegamento a este itinerario e todo o universo que o acompaña desde a perspectiva da memoria, a cultura, o medio no que se desenvolve e a súa xestión.

Cada módulo consta de 3 créditos que se corresponden con 30 horas de clase, de 3 materias obrigatorias con 10 sesións teóricas dunha hora de duración, impartidas en dous días á semana. Tamén comprende unha importante parte práctica co obxecto de coñecelo de primeira man.

c) Actividades complementarias, nas que se inclúen conferencias, seminarios, xornadas e talleres como complemento do ensino nos Campus da Coruña e Ferrol, que se relacionan:

1º. Seminarios e ciclos de conferencias, cunha duración variable de entre seis e dez horas, que versan sobre distintos temas como *Os arquitectos e ilustradores do cinema; Tres Cidades e unha historia; Fotografía móbil e redes sociais; Augas mineromedicinais e temas. Seus beneficios para a saúde* (no Campus da Coruña), *Leccións de Socioloxía política a través das pinturas do Museo Nacional do Prado; O que o moble se levou; Música tradicional galega* (no Campus de Ferrol), entre outros.

2º. Talleres. A aplicación práctica dos coñecementos e das experiencias relacionadas coas materias da Universidade Sénior, xa sexa froito das aulas impartidas ou da propia historia persoal e profesional do alumnado, debe ter un medio de comunicación, de intercambio e de desenvolvemento. Seguindo este obxectivo, outorgouse ao estudantado dos catro cursos a oportunidade de asistir aos talleres.



No campus da Coruña impartiranse os seguintes talleres: Lingua galega; Materia e vida: segredos da química; A música no seu contexto histórico; Comunicación social e capacitación mediática; Europeo; Literatura e artes visuais e Conversa en lingua inglesa.

E no campus de Ferrol impartiranse os talleres seguintes: Avanzado de internet e multimedia; Cultura italiana e sétima arte; Comunicación non verbal; Ciencia e vida e Conversa en lingua inglesa.

Estes talleres desenvólvense mediante sesións de dúas horas de duración e de periodicidade quincenal, que o alumnado pode cursar de xeito voluntario.

d) Internacionalización e mobilidade que comprende as seguintes actividades:

1º. Participación en programas educativos europeos. A implicación da Universidade Senior no desenvolvemento e na execución de proxectos europeos comeza no curso 2003-2004 e mantense de xeito ininterrompido ata o momento actual.

2º. Participación en Asociacións e Redes Internacionais. A Universidade Senior é membro fundador da Rede Mundial de Proxectos Educativos para Senior + 50 (RIPE+50), constituída formalmente en outubro de 2018. É unha rede de institucións que desenvolven accións formativas con adultos maiores de 50 anos e conta con membros en diferentes países europeos e latinoamericanos.

3º. Mobilidade nacional. A Universidade Sénior tamén leva a cabo un programa de intercambio de carácter académico e cultural que persigue fomentar a mobilidade e a integración cultural e territorial promovendo o intercambio de boas prácticas no ensino superior de persoas maiores. Dende o ano 2011, ten asinado acordos bilaterais para facilitar estes intercambios académicos con outros programas universitarios para maiores. Celébranse anualmente cos Programas Universitarios para Maiores da Universidad Politécnica de Valencia e a Universidad de Salamanca. Aínda que durante os últimos anos suspendéronse bilateralmente pola situación sanitaria, está prevista a súa reanudación no ano 2023.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver a Universidade da Coruña na Universidade Senior, é de 32.000,00€.

Segundo a Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, esta previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.



Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **trinta e dous mil euros (32.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria **13.05.312E.444.0**.

CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A Universidade da Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, así como acreditar a súa realización e o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións da programación obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.
- h) No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto da Universidade Sénior incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.
- i) Diseñar e desenvolver as actuacións que conforman a programación a subvencionar polo presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas maiores con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- j) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade .

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 49% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 51% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades da programación a subvencionar a través deste convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado



con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

Só se financiarán os gastos do ano 2023 xerados conforme as actividades programadas pola a Universidade Senior.

No momento da presentación da xustificación dos gastos do convenio, en todo caso con data límite do 10 de decembro de 2023, a entidade presentará a seguinte documentación:

a) Informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro da programación a subvencionar a través deste convenio, acompañado dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, na que se faga constar:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución da dita programación e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

Cando formen parte da xustificación, documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do Imposto da renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación correspondentes a 2023, considerarase xustificado coa presentación dunha addenda á certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control na primeira quincena de febreiro de 2024.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos



deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A Universidade da Coruña designará ao persoal necesario para realizar as actividades da programación da Universidade Sénior a subvencionar relacionadas na cláusula segunda deste convenio.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto da programación a subvencionar a través deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



DECIMO PRIMEIRA. *Subcontratación*

A Universidade da Coruña é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata o 25% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Universidade da Coruña no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Miores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Universidade da Coruña, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Miores e Atención Sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto., así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Miores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.



Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións da programación formativa a subvencionar no ano 2023.

DÉCIMO CUARTA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.



A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude. Así mesmo, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude. Os seus acordos esgotan a vía administrativa. :

Contra os acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data de sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Pola Universidade da Coruña

A conselleira

O reitor

Fabiola García Martínez

Julio Ernesto Abalde Alonso

